

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS PARA A SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS PARA A ILUMINACIÓN DE NADAL

1. Entidade que adxudica:

Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Comercio. Nº expediente: 4384-106.

2. Obxecto do contrato:

A elaboración dun proxecto decorativo de iluminación exterior das rúas e prazas da cidade durante as festas do Nadal, e o seu desenvolvemento, mediante a instalación, mantemento e desmontaxe dos elementos lumínicos ornamentais propostos.

Lugar de execución: Vigo

Prazo de execución: do 1 de setembro de 2017 ata o 28 de febreiro de 2018. Prórroga: Sí, unha prórroga dun 1 ano de duración.

3. Tramitación e procedemento

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

4. Orzamento base:

573.966,94 euros IVE a soportar pola administración: 120.533,06 euros.- Orzamento total: 694.500 euros

5. Garantías esixidas

a)Provisional: non se esixe. b)Definitiva: sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c)Complementaria: non.

6. Obtención da documentación e información:

www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.



7. Requisitos específicos do contratista:

a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ao obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

8. Presentación de Ofertas:

Prazo: o prazo rematará o día 24 de maio de 2017.

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: sí.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica e económica:

Entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:**11. Páxina web para obtención de información:**

www.vigo.org

Vigo, 06 de abril de 2017.—O Concelleiro delegado de Contratación, P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015), David Regades Fernández.

